

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE FUNDAMENTOS DA ANÁLISE ECONÓMICA

(Aprobado en Consello de Departamento o 16 de xuño de 2006)

(Ratificado polo Consello de Goberno o 26 de xullo de 2006)

TÍTULO PRELIMINAR

TÍTULO I. DA ESTRUCTURA E FUNCIONS DO DEPARTAMENTO

Capítulo I. Da estrutura do Departamento.

Capítulo II. Das funcións do Departamento.

TÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

Capítulo I. Do Consello do Departamento.

Capítulo II. Da Comisión Permanente.

Capítulo III. Do Director ou Directora.

Capítulo IV. Do Secretario ou Secretaria.

TÍTULO III. DA DOCENCIA E A INVESTIGACIÓN

Capítulo I. Da organización da docencia.

Capítulo II. Da investigación.

TÍTULO IV. DOS ORZAMENTOS

TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

DISPOSICIONS ADICIONAIS

DISPOSICIÓN FINAL

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1º

O Departamento de Fundamentos da Análise Económico, para o cumprimento das súas funcións, rexerá polo presente Regulamento de réxime interno, no que se determinan os distintos aspectos do seu funcionamento, segundo o disposto pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, polo Decreto 28/2004, de 22 de xaneiro, no que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (EUSC), e pola normativa legal vixente.

Artigo 2º

A sé do Departamento ubícarase na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela.

TÍTULO I. DA ESTRUCTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

CAPÍTULO I. Da estrutura do Departamento

Artigo 3º

O Departamento de Fundamentos da Análise Económica agrupa a todo o persoal docente e investigador pertencente á área de Fundamentos da Análise Económica.

Artigo 4º

O Departamento de Fundamentos da Análise Económica é o órgano básico encargado da programación e do desenvolvemento da docencia e do apoio da investigación da área que o constitúe.

Artigo 5º

O Departamento de Fundamentos da Análise Económica organízase en órganos colexiados e unipersoais. Os órganos colexiados son o Consello de Departamento e a Comisión Permanente. Os órganos unipersoais son o/a Director/a e o/a Secretario/a.

Artigo 6º

A asistencia ás reunións dos órganos colexiados constitúe un dereito e un deber dos seus membros.

CAPÍTULO II. Das funcións do Departamento

Artigo 7º

Son funcións do Departamento de Fundamentos da Análise Económica:

1. A programación, desenvolvemento e seguimento de:
 - a) As ensinanzas propias da área de coñecemento de Fundamentos de Análise Económica, de acordo coa organización xeral dos centros nos que estas se impartan.
 - b) Os estudos de doutoramento.
 - c) Cursos de posgrao, especialización e formación continua.
2. A coordinación da actividade investigadora realizada polos seus membros, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.
3. O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do Departamento.
4. A formación do persoal docente e investigador do Departamento.
5. A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolvela.
6. O desenvolvemento da Planificación Estratéxica do Departamento.
7. Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.

TÍTULO III. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

CAPÍTULO I. Do Consello do Departamento

Artigo 8º

O Consello de Departamento estará composto por:

- a) Os doutores membros do Departamento.
- b) O profesorado e axudantes sen título de doutor a tempo completo.
- c) O resto de persoal docente e investigador a tempo parcial e investigadores en formación e perfeccionamento, sempre que non excedan do 10% do total de membros.

d) Unha representación dos estudantes do ámbito de docencia do Departamento, elixidos cada dous anos, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderá a estudantes de primeiro e segundo ciclo e o 15% a estudantes de terceiro ciclo.

e) Un representante do persoal de administración e servizos.

Artigo 9º

1. A elección de membros do Consello de Departamento será convocada pola Comisión Electoral Central da Universidade de Santiago de Compostela. Os membros elixidos do Consello de Departamento serano por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto dos seus respectivos colexios electorais.

2. Para a elección de representantes no Consello de Departamento, non se admitirá o voto delegado, pero o Regulamento electoral central poderá admitir o voto anticipado.

3. Todos os representantes elixidos serano por dous anos. A condición de membro do Consello de Departamento perderase ao cesar a vinculación co Departamento, ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

Artigo 10º

1. O Consello de Departamento reunirse por iniciativa do/a Director/a ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Celebrará, polo menos, unha sesión ordinaria cada trimestre do ano lectivo. Asimesmo poderá celebrar sesións extraordinarias.

2. As sesións do Consello terán lugar na sé do Departamento.

3. Na convocatoria deberá constar: lugar de reunión, data, hora e orde do día. A convocatoria deberá ser entregada, cando menos, con corenta e oito horas de antelación, correspondentes a días hábiles.

4. A convocatoria poderá facerse chegar aos membros tanto en soporte papel como por correo electrónico.

5. A convocatoria, ordinaria ou extraordinaria, poñerá a disposición dos membros do Consello, para consulta, na Secretaría do departamento toda a documentación relativa ós puntos a tratar.

6. A orde do día será elaborada polo/a director/a do Departamento, asistido polo/a Secretario/a do mesmo. Nas convocatorias, figurarán as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, asuntos a tratar, asuntos de trámite, e peticións e preguntas; excepción feita no caso de que a sesión do Consello de Departamento se convoque con carácter extraordinario e para a elección ou revogación do director.

7. O Consello de Departamento constituirase validamente, en primeira convocatoria, coa asistencia da metade dos seus membros e en segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois aínda que non se indique expresamente na convocatoria, coa presenza dun vinte por cento dos seus membros. En ámbolos dous casos requirirase a presenza do/a Director/a e

do/a Secretario/a, ou, no seu caso, dos membros do Consello de Departamento que os substitúan.

8. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes tódolos membros do Consello de Departamento e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

9. As decisións poderanse tomar por asentimento ou por votación. Para axilizar o procedemento, as votacións poderán ser públicas e a man alzada. Poderán ser secretas cando afecten a persoas e así sexa solicitado.

10. Unha vez debatido un punto da orde do día terá lugar, se procede, a votación na que só os presentes poderán participar. A votación decidírase por maioría simple, excepto nos casos en que a normativa de aplicación impoña outras maiorías.

11. En caso de empate decidirá o voto de calidade do/a Director/a do Departamento.

12. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular un voto particular, por escrito, no prazo de corenta e oito horas; voto que se incorporará ó texto aprobado.

13. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria do Consello de Departamento.

14. O Consello de Departamento arbitrará os mecanismos necesarios para que os membros de Departamento estean puntualmente informados dos acordos que se adopten, tanto no seu pleno como nas comisións.

15. O Consello de Departamento poderá invitar asistir ás súas reunións para discutir asuntos específicos, con voz pero sen voto, a calquera membro da comunidade universitaria que poida resultar afectado polos acordos que se adopten.

16. Cando a natureza dos asuntos o requira o/a Director/a do Departamento, por propia iniciativa ou a instancia dos membros do Consello de Departamento, poderá convocar para informe a calquera membro da comunidade universitaria.

Artigo 11º

1. Corresponderalle ao Consello de Departamento:

a) A elección do/a Director/a e, de ser o caso, a proposta ao Reitor da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

b) A planificación e coordinación da actividade docente e a coordinación da actividade investigadora do Departamento, así como o control do seu cumprimento.

c) A validación de programas docentes e sistemas de avaliación das materias das que sexa responsable.

d) A formulación das demandas de profesorado, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e do terceiro ciclo, e a información

sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.

e) A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo Departamento.

f) A elaboración e aprobación do seu Regulamento de Réxime Interno.

g) A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

h) A promoción do perfeccionamento da docencia.

i) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente.

j) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudiantado.

k) O informe dos proxectos de teses de doutoramento e a proposta das comisións xulgadoras das devanditas teses.

l) A verificación do desenvolvemento da planificación estratéxica do Departamento.

m) Calquera outra competencia que lle atribúan os estatutos da USC, o presente regulamento, e a lexislación vixente.

Artigo 12º

1. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos.

2. Os acordos do Consello de Departamento serán susceptibles de recurso de alzada ante o Consello de Goberno da Universidade.

CAPÍTULO II. Da Comisión Permanente

Artigo 13º

1. A Comisión Permanente integrarana o/a Director/a, o/a Secretario/a, e cinco membros do Consello de Departamento distribuídos do seguinte xeito: tres profesores ou investigadores que presten ou seu servizo a tempo completo, un estudante e un membro do persoal de administración e servizos.

Reúnese por convocatoria do/a Director/a e baixo a súa presidencia, e actuará como Secretario/a o do Departamento, que levantará acta dos acordos tomados.

Artigo 14º

1. A elección de membros da Comisión Permanente será convocada polo/a Director/a. Terá lugar en sesión de Consello de Departamento. Os sectores a), b) e c) do artigo 9 deste Regulamento elixirán aos tres profesores ou investigadores a tempo completo. O sector d) elixirá ao estudante e o e) ao persoal de administración e servizos.
2. A Comisión Permanente será renovada cada vez que haxa eleccións a Director/a, excepto o estudiantado que será renovado cada dous anos.

Artigo 15º

1. A Comisión Permanente reunirse sempre que o/a Director/a o considere necesario ou a pedimento dun terzo dos membros da mesma.
2. A Comisión Permanente constituirase validamente, en primeira convocatoria, coa asistencia da metade dos seus membros e en segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois aínda que non se indique expresamente na convocatoria, coa presenza dun trinta por cento dos seus membros. En ámbolos dous casos requirirase a presenza do/a Director/a e do/a Secretario/a, ou, no seu caso, dos membros do Consello de Departamento que os substitúan.
3. En tódolos demais aspectos referidos ó funcionamento da Comisión Permanente seguiranse os criterios previstos neste regulamento para o Consello de Departamento.
4. Os membros da Comisión Permanente cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros do Consello de Departamento e, tanto se dimiten como se cesan, procederase á elección do substituto no prazo de tempo máis breve.

Artigo 16º

Son competencias da Comisión Permanente:

1. Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
2. Coñecer a adoptar acordos sobre calquera asunto que, sendo competencia do Consello de Departamento e non estando reservado expresamente ao Consello, lle fora delegado por este.
3. Asesorar en tódalas cuestións que o/a Director/a do Departamento lle someta no exercicio das súas competencias.

Artigo 17º

En canto o Consello de Departamento non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na Comisión Permanente, agás as que se mencionan nas letras a), b), d), e), f), g), e i) do artigo 12 de este Regulamento, que establece as competencias do Consello de Departamento e que non poderán ser delegadas. En relación ó artigo 12 k), a competencia dá Comisión Permanente limitarase a aprobar, se procede, o trámite de lectura

das teses de doutoramento depositadas na Secretaría do Departamento, e á proposta das comisións xulgadoras das devanditas teses.

Artigo 18º

Os actos e acordos da Comisión Permanente comunicaranse aos membros do Consello de Departamento por correo electrónico.

CAPÍTULO III. Do Director ou Directora

Artigo 19º

1. O/A Director/a representa ó Departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2. O mandato do/a Director/a do Departamento será de catro anos, e non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.

3. En caso de ausencia ou enfermidade, o/a Director/a será substituído, de xeito accidental, por un membro do Departamento designado polo/a Director/a que reúna os requisitos esixidos para ser Director e, no seu defecto, polo de maior antigüidade.

4. O/A Director/a do Departamento cesará ao remate do seu mandato, por dimisión, por disolución do Consello de Departamento que o elixiu e como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta.

Artigo 20º

1. O/A Director/a do Departamento poderá ser revogado mediante moción de censura construtiva.

2. A moción de censura, para ser tramitada, deberá estar asinada por un terzo dos membros do Consello de Departamento, e incluír o nome dun candidato alternativo.

3. Cando concorran estas circunstancias, procederase do seguinte xeito:

a) O/a Directo/ar convocará unha sesión extraordinaria de Consello de Departamento, con este único punto da orde do día, nun prazo máximo de quince días hábiles.

b) Tanto o candidato proposto como o/a Director/a, disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expoñer as súas posicións. Tras o oportuno debate, procederase á votación nominal e secreta.

c) Se a moción de censura obtivese o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento, será proclamado Director/a o candidato proposto na moción de censura.

d) Se a moción de censura non acadase a maioría absoluta considerarase rexeitada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o resto do período de mandato do Director/a.

Artigo 21º

1. Son competencias do/a Director/a do Departamento:

- a) A presidencia e a convocatoria do Consello de Departamento e da Comisión Permanente.
- b) A execución dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e pola Comisión Permanente, e a vixilancia do seu cumprimento.
- c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios persoais e materias dos que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
- d) A execución das previsións orzamentarias.
- e) A proposta ao Reitor do nomeamento de Secretario do Departamento.

2. As competencias do/a Director/a do Departamento esténdese a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.

Artigo 22º

1. As decisións do/a Director/a do Departamento adoptarán a forma de resolucións.

2. As resolucións do/a Director/a do Departamento serán susceptibles de recurso de alzada ante o Reitor da Universidade.

CAPÍTULO IV. Do Secretario ou Secretaria

Artigo 23º

1. O/A Secretario/a será nomeado polo reitor, tras a proposta do/a Director/a, entre o profesorado e axudantes do Departamento.

2. O/a Secretario/a cesará por decisión do Reitor, logo da proposta do/a Director/a do Departamento, ou a petición propia.

Artigo 24º

1. O/a Secretario/a do Departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento. Na súa condición de fedatario levantará acta de cada sesión dos mesmos.

2. No suposto de imposibilidade de asistencia por parte do/a Secretario/a, fará as súas funcións un membro do Consello de Departamento designado polo/a Director/a.

3. O/A Secretario/a do Consello de Departamento custodiará as actas, unha vez aprobadas, que poderán ser consultadas na súa presenza por calquera membro do Departamento.

3. Calquera membro do Departamento poderá solicitar por escrito certificación dos acordos do Consello de Departamento ou da Comisión Permanente. As certificacións expedidas polo/a Secretario/a, co Visto e Prace do/a Director/a só darán fe dos acordos aprobados polo Consello ou pola Comisión Permanente. Con anterioridade á preceptiva aprobación da Acta tamén poderá emitir certificacións sobre os acordos que se adoptaron, facéndose constar neste caso tal circunstancia.

4. Ademais, o/a Secretario/a exercerá aqueloutras funcións que lle delegue o/a Director/a, lle encomenden os estatutos da USC, ou a lexislación vixente.

TÍTULO III. DA DOCENCIA E A INVESTIGACIÓN

CAPÍTULO I. Da organización da docencia

Artigo 25º

O Consello de Departamento realizará anualmente a planificación da súa actividade docente e a remitirá ó Reitorado coa relación de materias impartidas por cada un dos seus profesores.

Artigo 26º

No reparto do encargo docente farase de xeito equitativo entre todo o persoal docente de conformidade cos criterios de asignación aprobados polo Consello de Departamento.

Artigo 27º

Na programación académica das diferentes materias terase en conta o disposto pola normativa universitaria correspondente, en particular a normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes.

Artigo 28º

O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico correspondendo ó Consello de Departamento aprobar ditas actividades así como o seu orzamento.

CAPÍTULO II. Da investigación

Artigo 29º

O Departamento coordinará a actividade investigadora realizada polos seus membros.

Artigo 30º

O persoal docente e investigador do Departamento informará da súa produción científica, e dos proxectos de investigación nos que participa, no período en que, cada ano, lle sexa solicitado desde a Secretaría do Departamento.

TÍTULO IV. DOS ORZAMENTOS

Artigo 31º

O/a Director/a de Departamento elaborará e presentará ó Consello de Departamento o presuposto anual de gastos e imposicións para a súa aprobación.

TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 32º

1. A iniciativa para a reforma do presente regulamento correspóndelle ó/a Director/a, á Comisión Permanente ou a un terzo dos membros do Consello de Departamento mediante proposta asinada polos mesmos.
2. A proposta de reforma do Regulamento deberá estar debidamente articulada e razoada. O/A Director/a, recibida a proposta, remitiralla a cada un dos membros do Consello de Departamento e abrirá un prazo para a presentación de emendas.
3. A proposta de reforma e as emendas serán analizadas polo Consello de Departamento, para o que se convocará unha reunión do mesmo.
4. A reforma do regulamento requirirá a aprobación por maioría simple.
5. O novo texto será remitido ó Consello de Goberno da USC para a súa aprobación.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Para o que non estea disposto no presente Regulamento nin nos Estatutos da USC, aplicarase o que dispón a Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, o Procedemento Administrativo Común e demais normas aplicables e vixentes.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, en cumprimento do Artigo 82.e dos Estatutos da mesma.